

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo.

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN 408A 2018/041

Denominación do proxecto: Parque eólico Reboiro

Promotor: GREEN CAPITAL POWER, S.L.

Asunto: Solicitud de informe técnico.

Clave: DXDM 22/91

ANTECEDENTES

O 15.02.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o proxecto sectorial do "PARQUE EÓLICO REBOIRO" situado nos concellos de Baralla, Castroverde e O Corgo na provincia de Lugo.

O 09.03.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais da provincia de Lugo o un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxía e Minas.

O 23.03.2022 recibíuse no rexistro electrónico da Xunta de Galicia a nota interna do Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo da Consellería do Medio Rural có informe remitido pola Técnica do Distrito IX Lugo - Sarria, no que se informa sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO REBOIRO", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O informe recibido pola Técnica do Distrito IX Lugo - Sarria do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo fai constar o seguinte:

- *"Nas inmediaciones da zona de afección hai 2 depósitos de auga de carroquetas:
Nº Identificación 27011008 (San Miguel del Páramo) Castroverde
X:637973*

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Y4756162

Nº Identificación 27011013 (Folgosa) O Corgo

X: 636394

Y4754458

- *Nos últimos 5 anos non figuran rexistros de incendios forestais nas zonas onde se pretende instalar o o Parque Eólico"*

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas (mantemento permanente do acceso dos medios dos servizos de prevención de incendios forestais aos puntos de carga de auga e resto de infraestruturas de incendios forestais) infórmase FAVORABLEMENTE o proxecto do PARQUE EÓLICO REBOIRO situado nos concellos de Baralla, Castroverde e O Corgo na provincia de Lugo..

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

